



Concello de Viveiro

BASES ESPECIFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO, NA OFICINA DE TURISMO, CON CARGO Á SUBVENCIÓN OUTORGADA SEGUNDO A RESOLUCIÓN DE 29 DE DECEMBRO DE 2016 DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

1.-OBXETO DA CONTRATACION

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 1 traballador para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal na oficina de turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia.

O contrato é con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia cun importe de 5.200 €.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 1 traballador, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal para a execución e realización das obras e de prestación de servizos que se relacionan nos apartados seguintes:

2.- CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN

A.- OFICINA DE TURISMO

1 TÉCNICO SUPERIOR EN INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICA

O contrato realizarase dende o 15/06/2017 ata 15/09/2017, sendo eventual por circunstancias da produción.

O técnico superior en información e comercialización turística desempeñará o seu posto de traballo na oficina de turismo de Viveiro segundo as estipulacións que estableza o xefe de negociado realizando entre outras as funcións de atención ao público, información, elaboración de guías e memorias.

Titulación: Técnico superior en información e comercialización turística ou Técnico superior en guía, información e asistencia turística; Técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guía de turismo.

Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 4.

Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 15 puntos, segundo o establecido na base 8 das bases xerais polas que se establecen as normas para a

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro na oficina de turismo, con cargo á subvención outorgada segundo a resolución de 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia

NUMERO TRABALLADORES	GRUPO COTIZAC. SEG. SOCIAL	OCUPACION	CNAE 2009 OCUPACION	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS			
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	5 C1 nivel 18	Técnico en turismo	8411	1.297,19	32,10%	416,40	1.713,59	3	100	5.140,77 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										5.140,77 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

Período de proba: Os traballadores terán un período de proba de 15 días. No caso de que un traballador non pase este período, será substituído polo que se sitúe en primeiro lugar da lista de reservas.

Os contratos iniciaranse cando así o determine A Alcaldía, en base a os prazos e datas de inicio dos servizos nos que o traballador contratado prestará os seus servizos.

4.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación exixida para cada posto.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente a marxe)